



ILMO. CONCELLO DE VIANA DO BOLO (OURENSE)

BANDO

NO DÍA DA PATRIA GALEGA 2015

Tan fondas coma as raíces dos nosos carballos e castiñeiros, que converten en especiais os nosos soutos, son aquelas que configuran a nosa identidade, raíces que nos fan ó mesmo tempo distintos e semellantes.

Por iso, o 25 de xullo, Día da Patria Galega, é un dos nosos sinais de identidade, unha marca que nos caracteriza e vincula dunha maneira especial coa terra, coa xente, coa cultura e coa lingua; lingua que nos converte en galegos e galegas polo simple feito de falala. Así, polo menos o sentía Castelao, outro dos nosos símbolos.

Pondal, ó mesmo tempo que Castelao, entendía que a fala vincúlanos telúricamente coa terra; e así o escribiu:

“Feliz, harmoniosa
fala de Breogán,
fala boa, de fortes
e grandes sin rival;
ti aos doces oídos
sempre soando estás,
coma os pinos da ruda
pendente de Froxán;
ti, nos eidos de Celtia,
ti co tempo serás
un lábaro sagrado
que o triunfo guiará,
fala nobre, harmoniosa,
fala de Breogán.”

Neste 25 de xullo animo ás veciñas e veciños a celebrar o día da Patria Galega participando e asumindo o compromiso de uso e defensa do noso idioma.



Viana do Bolo, 23 de xullo de 2015.
O alcalde,

Asdo.: Secundino Fernández Fernández.